RESOLUCIÓN da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fan públicas as listas provisorias de persoal admitido e excluído dos procedementos selectivos de acceso ao corpo de profesores de ensino secundario e de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional e ao corpo de mestres, e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento ED001A)., convocados mediante a Orde do 18 de febreiro de 2026 (DOG n.º 35, do 23 de febreiro de 2026)

Para os efectos de darlle cumprimento ao disposto no apartado primeiro da base sexta da Orde do 18 de febreiro de 2026 relativo á listaxe provisoria de persoal admitido e excluído dos procedementos selectivos de *acceso ao corpo de profesores de ensino secundario e de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario,ao corpo de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional e ao corpo de mestres, e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional e mestres* , a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar e facer pública no anexo I desta resolución a relación provisional de persoas aspirantes admitidas, por corpos, reservas e, se é o caso, especialidades, que solicitaron tomar parte nos mencionados procedementos selectivos, con especificación da exención ou non da realización da proba de coñecemento de lingua galega e de lingua castelá.

Segundo. Aprobar e facer pública no anexo II desta resolución a relación provisional de persoas aspirantes excluídas, por corpos, reservas e, se é o caso, especialidades con indicación tanto da causa ou causas especifica da súa exclusión e como da exención ou non da realización da proba de coñecemento de lingua galega e de lingua castelá.

Terceiro. Contra a lista provisoria, de conformidade co apartado segundo da base sexta da citada orde, o persoal interesado poderá formular por medios electrónicos e dirixido á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos desta consellería as reclamacións que coide oportunas, no prazo máximo de dez (10) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web da dita consellería, no enderezo electrónico www.edu.xunta.gal.

As persoas aspirantes que dentro do prazo sinalado non emenden os defectos que motivaron a súa exclusión serán definitivamente excluídas.

Cuarto. O feito de figurar na relación provisoria de persoal admitido non prexulga que se dean por válidas as condicións persoais da persoa interesada que a lexitimen para participar no procedemento selectivo, cando da documentación que no seu momento teña que achegar non se deduza de maneira inequívoca o seu dereito a participar nel, conforme as exixencias da convocatoria.

Quinto.- A estimación ou desestimación das ditas reclamacións entenderanse implícitas nunha nova resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos que será publicada no citado portal, pola que se aprobarán as listaxes definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas consonte co disposto no apartado terceiro da base sexta da citada orde.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

Asinado por. JESUS MANUEL ALVAREZ BERTOLO
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 16/04/2026 11:43:38

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: ojUmrgDBFic1 https://sede.xunta.gal/cve